



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SISTEMA INFORMÁTICO DA CENTRAL AGROPECUARIA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentaria, **DECLARA** :

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar ca Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2016 ata o 1 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde de Galicia para levar a cabo a adecuación e modernización do sistema informático da Central Agropecuaria de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta na suma importancia que para as economías locais e a da comunidade autónoma ocupa o mercado de gando da Lonxa Agropecuaria de Galicia, onde se expoñen e comercian os mellores exemplares de gando de Galicia nun proceso aberto de poxa con grandes vantaxes para os gandeiros e profesionais do sector tanto compradores como vendedores. Neste proceso fórmanse prezos que son referencia en outras transaccións en feiras locais. Así mesmo, o sistema tamén supón outros beneficios como a claridade sanitaria dos animais e a transparencia fiscal das operacións económicas. Todo o proceso de poxa fundamentase nun sistema informático integral que actualmente require unha actualización de programas e equipos para mantelo e melloralo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 20 de setembro de 2016

